

MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE LALÍN PARA A CONSTRUCCIÓN DO EDIFICIO POLIVALENTE DE CARRAGOSO

1.- Competencia

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponden as competencias e funcións en materia de vivenda, urbanismo e planificación de infraestruturas. Tamén lle corresponden as funcións en materia de ordenación do territorio, excepto as relacionadas coa ordenación do litoral, e, en concreto, as previstas no artigo 11.4 da Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, que serán exercidas pola consellería competente en materia de medio ambiente.

Dentro da consellería correspóndelle á Dirección Xeral de Urbanismo a realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial, de conformidade ao apartado k) do artigo 13.1 do Decreto 142/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería (DOG núm. 101, do 27 de maio) e do Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 73 do 14 de abril).

2.- Antecedentes

A Deputación de Pontevedra deseñou o Programa PON2030 coa finalidade de garantir a prestación dos servizos públicos municipais e seguir avanzando no cumprimento dos obxectivos da Axenda 2030.

Este programa pretende progresar na consecución dos obxectivos 2030 e nas liñas mestras definidas para os fondos Next Generation e, así mesmo, dar un paso máis na loita contra o reto demográfico, ao impulsar grandes actuacións en toda a provincia para equilibrar así as dotacións e os servizos entre o ámbito rural e o urbano.

Os investimentos subvencionables ao abeiro do PON2030 centraranse en catro liñas, entre elas, a construción de novos equipamentos e dotacións, con edificios ou instalacións sostibles e intelixentes, ademais de novas actuacións ambientalmente sostibles para asegurar os servizos que impulsen a cohesión territorial.



O Concello de Lalín, por Resolución do 23 de xuño de 2023 do Pleno da Corporación provincial resultou beneficiario dunha das axudas do PON2030 para construír o Edificio Polivalente de Carragoso.

O edificio cumpre cos seguintes Obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) da Axenda 2030:

- 6. Auga limpa e saneamento
- 7. Enerxía sostible e non contaminante
- 11. Cidades e comunidades sostibles
- 12. Produción e consumo responsables
- 13. Acción polo clima

O proxecto proposto contribúe a alcanzar as metas indicadas, posto que trátase dun edificio de nova construción no que se adoptan solucións con materiais modulares para reducir os residuos e a utilización de materiais reciclábeis. Desta forma diminúese o CO₂, redúcese o consumo de auga e o impacto ecolóxico. Ademais, utilízanse enerxías renovables, tales como paneis fotovoltaicos, bomba de calor xeotérmica. O sistema de ventilación permite un aforro de enerxía e mellora da eficiencia enerxética da edificación, así como o confort e a vida saudable dos usuarios. É unha construción polivalente de alta densidade espacial e funcional, relacionada entre si, eficiente e de baixo consumo.

O importe total do proxecto ascende a oitocentos dezanove mil trescentos corenta e sete euros con setenta e catro céntimos (819.347,74 €), IVE engadido, dos que a Deputación de Pontevedra financiará, por unha banda, a través do programa PON2030 a contía máxima de catrocentos oitenta e dous mil seis euros con cincuenta e dous céntimos (482.006,52 €) e por outra, ao abeiro do PLAN +PROVINCIA 2024 setenta e sete mil oitocentos sesenta e dous euros con cincuenta e nove céntimos (77.862,59 €) o que supón o 68,33% do importe.

O Concello de Lalín mediante escrito da Alcaldía do 16 de outubro de 2024, solicitou a colaboración da Xunta de Galicia no financiamento deste equipamento.

O artigo 25 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado por Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro (DOG núm. 20 do 29 de xaneiro) posibilita a tramitación anticipada dos expedientes de gasto imputables ao capítulo VII no exercicio inmediatamente anterior ao dos orzamentos con cargo aos cales se vaian imputar os correspondentes gastos, sempre que exista crédito adecuado e suficiente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o próximo ano 2025.

Este convenio tramítase ao abeiro do establecido na Orde da Consellería de Economía e



Facenda do 11 de febreiro de 1998 (DOG nº 34, do 19/02/1998), pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas Ordes da Consellería de Economía e Facenda do 27 de novembro de 2000 (DOG nº 231, do 29/11/2000) e do 25 de outubro de 2001 (DOG nº 209, do 29/10/2001), respectivamente. A citada orde posibilita a tramitación anticipada dos expedientes de gasto imputables ao capítulo II, IV, VI, VII no exercicio inmediatamente anterior ao dos orzamentos con cargo aos cales se vaian imputar os correspondentes gastos, sempre que exista crédito axeitado e suficiente, no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Consello da Xunta, na súa reunión do 17 de outubro de 2024, aprobou o proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, polo que, para os efectos da tramitación deste acordo, resulta de aplicación o establecido na dita orde, quedando condicionada a execución dos compromisos derivados deste acordo á existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2025.

3.- Finalidade

A actuación obxecto do acordo constitúe unha das principais liñas de acción da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e para estes efectos tense previsto formalizar co Concello de Lalín o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos a partir da data da súa sinatura e estará vixente ata o 31 de decembro de 2025, sen prexuízo de que ambas as partes acorden unánimemente unha prórroga por un período máximo dun ano adicional, en calquera momento antes da finalización do prazo de vixencia, en cumprimento das previsións recollidas no artigo 49. h) da Lei 40/2015.

4.- Obxecto

O obxecto do Convenio é establecer as bases da colaboración e cooperación técnica e económica entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Lalín para a construción do Edificio Polivalente de Carragoso, cun orzamento total de execución de oitocentos dezanove mil trescentos corenta e sete euros con setenta e catro céntimos (819.347,74 €), IVE engadido, contribuíndo cunha achega de, como máximo, douscentos cincuenta e nove mil catrocentos setenta e oito euros con sesenta e tres céntimos (259.478,63 €), que representan o 31,67% do investimento total.

5.- Fundamentos do instrumento convencional

Constitúen as razóns de oportunidade, que o Concello de Lalín dispoña dun novo edificio sostible e intelixente, que impulse a cohesión territorial dunha zona de carácter



residencial e agrario, funcionando como elemento dinamizador do desenvolvemento social e cultural do núcleo de Carragoso.

Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, na data da sinatura, a Directora Xeral de Urbanismo, María Encarnación Rivas Díaz

